

Resolución do 15 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades no exterior para desenvolver un programa integral de información, orientación e asesoramento sobre aspectos relacionados co retorno a Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Segundo o Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de política inmigratoria e de retorno en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias se deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

A realidade migratoria en Galicia móstranos que somos a terceira comunidade autónoma con maior volume de retorno e a primeira cunha maior proporción de emigrantes retornados respecto ao total da súa poboación.

Para dar respostas á gran demanda de información que sobre aspectos relacionados co retorno nos trasladan á Administración autonómica os galegos e descendentes residentes no exterior e para dar cumprimento aos obxectivos que ten encomendados, esta secretaría xeral convoca unha resolución de subvencións dirixida a entidades no exterior para realizar un programa integral de información, orientación e asesoramento sobre aspectos relacionados co retorno a Galicia para emigrantes galegos con vontade de retornar.

En virtude do exposto, de conformidade co que se dispón na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa de aplicación, logó de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

RESOLVO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Apróbanse as bases, que se inclúen como anexo I, polas cales se rexerá a concesión das subvencións da

Secretaría Xeral da Emigración, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas ás entidades no exterior para desenvolver un programa integral de información, orientación e asesoramento sobre aspectos relacionados co retorno a Galicia para emigrantes galegos e descendentes con vontade de retornar.

2. Así mesmo, por medio desta resolución convócanse as devanditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario destas subvencións, deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5 das bases reguladoras. Este modelo de solicitude poderá obterse a través do portal da Secretaría Xeral da Emigración no seguinte enderezo da internet

(<http://www.galiciaaberta.com/>).

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral da Emigración (rúa Basquiños nº 2, 15704, Santiago de Compostela), ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (entre os que figuran a Delegación da Xunta en Bos Aires, oficinas consulares, así como nos consulados ou seccións consulares das embaixadas correspondentes ao domicilio ou residencia do solicitante).

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 4º.-Prazo de resolución.

Unha vez presentadas as solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras. O prazo máximo para resolver será de 6 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 9/2007, do 25 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Emigración, a través dos seguintes medios:

a) Portal web oficial desta secretaría xeral (<http://www.galiciaaberta.com/>), onde, ademais de obter os modelos normalizados de solicitude, se poderá descargar o texto íntegro desta resolución, e as bases reguladoras da convocatoria.

b) Así mesmo, poderá obterse información xeral deste procedemento na Guía do cidadán situada na páxina web da Xunta de Galicia.

(<http://www.xunta.es/>).

Artigo 6º.-Desenvolvemento e aplicación.

O secretario xeral da Emigración poderá ditar todas as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta convocatoria e das súas bases reguladoras.

Artigo 7º.-Financiamento.

Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de cincuenta mil euros (50.000 €) correspondentes á aplicación orzamentaria 04.50.312C.481.0. Este importe poderá ser ampliado en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias de conformidade co disposto nos artigos 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-Réxime de recursos.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o secretario xeral da Emigración, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2010.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades no exterior para desenvolver un programa integral de información, orientación e asesoramento sobre aspectos relacionados co retorno a Galicia para emigrantes galegos e descendentes con vontade de retornar

Artigo 1º.-Obxecto e contido do programa subvencionable.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto ofrecer un programa integral de información, orientación e asesoramento dirixido aos emigrantes galegos e descendentes residentes no exterior, sobre todas as materias e asuntos que poidan incidir nas relacións con Galicia, especialmente as dirixidas ao retorno.

2. Este programa integral de información e asesoramento obxecto de subvención, incluírá os seguintes contidos relacionados co retorno, podendo adap-

tarse estes contidos en función das necesidades das persoas beneficiarias deste programa:

-Información xeral sobre Galicia e sobre o país no que se desenvolva o programa, especialmente canto á organización territorial e administrativa: sistema sanitario, sistema educativo, sistema de Seguridade Social, servizos sociais, así como doutros servizos e dereitos.

-Información sobre os trámites administrativos que é preciso realizar antes e despois do retorno.

-Información sobre as prestacións da Seguridade Social, tanto de España como do país onde se desenvolva o programa (asistencia sanitaria, prestacións por desemprego, xubilación, etc.) e sobre prestacións non contributivas.

-Información sobre os programas de axudas que as diferentes administracións públicas teñen a favor do retorno.

-Información sobre os programas da Comunidade Autónoma galega en materia de vivenda, educación e emprego.

Os profesionais que impartan este programa integral de información e asesoramento sobre o retorno terán que cumprir, entre outros, os seguintes requisitos: formación específica sobre as materias obxecto de información e ademais, que teñan coñecemento do español e galego.

3. O procedemento para a tramitación e concesión das subvencións que se convocan pola presente resolución axustarase ao procedemento de concorrencia competitiva previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007 e demais normas de aplicación.

Artigo 2º.-Concorrencia.

O importe das subvencións reguladas nestas bases en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións, tanto de carácter privado como das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o 100% do investimento subvencionable.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios da subvención establecida para este programa na presente resolución, os seguintes:

a) Entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador.

b) Entidades legalmente constituídas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia que aglutinen a varios centros galegos no exterior (federacións, confederacións, asociacións...).

c) Institucións e asociacións sen ánimo de lucro radicadas no estranxeiro, legalmente constituídas, que

presenten unha acreditada traxectoria na prestación de servizos de información, orientación e asesoramento dirixidos a emigrantes galegos e descendentes. Entenderase que se cumpre este requisito se acredita experiencia na realización destas prestacións.

d) Poderán tamén concorrer a esta resolución as agrupacións de entidades sinaladas nos puntos a), b) e c) sempre e cando individualmente cumpran os requisitos xerais establecidos nas bases reguladoras, e fagan constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación. A agrupación nomeará un representante ou apoderado único con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

2. No caso de que se presenten federacións, confederacións ou asociacións de entidades non poderán concorrer á convocatoria as entidades que forman parte destas.

Artigo 4º.-*Criterios de valoración.*

1. As solicitudes presentadas para desenvolver o programa subvencionable serán obxecto de valoración de acordo cos seguintes criterios:

a) Contido do programa: ata 50 puntos.

Valorarase que o programa presentado sexa axeitado aos obxectivos previstos, ao calendario de realización, aos medios técnicos e materiais cos que conta a entidade e ao orzamento previsto para o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención.

Tamén se valorará o número de galegos e descendentes beneficiarios finais, o carácter innovador do programa e a aplicación de novas tecnoloxías.

b) A implantación da entidade e a súa estrutura e capacidade de xestión: ata 20 puntos.

Valorarase a especialización da entidade na atención do colectivo ao que se dirixe o programa, a súa experiencia no desenvolvemento de programas co mesmo contido ou semellante e o número de asociados de orixe galega da entidade solicitante, de ser o caso.

c) Programas compartidos: ata 20 puntos.

Os programas presentados conxuntamente por dúas ou máis entidades no exterior, para o obxecto de conseguir un maior impacto na realidade social onde se quere actuar, e unha optimización dos recursos dispoñibles.

d) Necesidade social: ata 10 puntos.

Valorarase a necesidade do programa, en función do número de persoas de orixe galega residentes no seu ámbito de aplicación, da súa vontade de retornar e da insuficiencia de actuacións que coa mesma finalidade se desenvolvan.

2. A contía das subvencións determínase en función do número de puntos que se obteña segundo os criterios de valoración deste artigo, fixando para os

efectos un valor en euros por tramos de puntuación; establecidos do seguinte xeito:

Nivel baixo: de 25 a 35 puntos.

Nivel medio: de 36 a 49 puntos.

Nivel alto: de 50 a 79 puntos.

Nivel moi alto (óptimo): 80 a 100 puntos.

Unha vez valoradas todas as solicitudes, a comisión de valoración determinará o valor do punto en cada un dos tramos especificados anteriormente, sempre co límite do crédito autorizado nesta resolución.

En todo caso, aqueles proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 25 puntos, non serán obxecto de subvención.

Artigo 5º.-*Documentación.*

1. As entidades interesadas en concorrer á subvención obxecto desta resolución deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado, que figura como anexo II desta resolución.

b) Estatutos da entidade debidamente legalizados.

c) Memoria descritiva do programa que se vai desenvolver. Nesta memoria farase referencia aos criterios obxecto de valoración tales como: contido do programa, a implantación da entidade, a súa estrutura e capacidade de xestión, a necesidade social do desenvolvemento do programa e, se se trata ou non dun programa desenvolto conxuntamente con outra/outras entidades.

d) Orzamento detallado que recolla o custo previsto do desenvolvemento do programa obxecto de subvención (pode empregar o modelo do anexo II desta resolución).

e) Declaración do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para a que se solicita a subvención, das distintas administracións públicas ou de organismos privados ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

f) Declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (pódese empregar o modelo do anexo III).

g) Declaración responsable na que conste que a entidade solicitante se encontra ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e de Seguridade Social, e que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Certificación da entidade bancaria na que conste o número de conta e o titular.

i) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, catastro...).

j) Para as entidades solicitantes que non estean inscritas no Rexistro de Comunidades Galegas, e coa finalidade de comprobar se cumpren os requisitos necesarios para ser beneficiarias da subvención, informe asinado polo presidente no que se describan detalladamente as accións realizadas e os importes investidos, referidos ao desenvolvemento de programas de información, orientación e asesoramento dirixido a emigrantes galegos e os seus descendentes.

2. As agrupacións de entidades que concorran conxuntamente á subvención deberán achegar unha certificación na que conste a vontade das partes de concorrer conxuntamente á convocatoria e onde se detallará o grao de complementariedade entre as entidades para a constitución da agrupación.

3. En casos excepcionais, que serán valorados e apreciados pola Secretaría Xeral da Emigración en función da situación do país en que se atopen as entidades solicitantes quedarán exentas de presentar a certificación bancaria exixida como documentación preceptiva para o desenvolvemento do programa previsto nesta resolución.

4. A Secretaría Xeral da Emigración poderá requirir calquera outra documentación ou dato adicional que considere necesario para completar o expediente ou para unha mellor valoración deste.

Artigo 6º.-Xustificación e pagamento da subvención.

1. As entidades subvencionadas quedan obrigadas a xustificar os gastos correspondentes á aplicación da subvención concedida.

2. Poderán xustificarse con cargo á subvención recibida os gastos que se realicen desde o 1 de xaneiro de 2010 e ata o 30 de setembro de 2010, data límite para a execución e xustificación do gasto.

3. A xustificación da subvención polos beneficiarios realizarase baixo a modalidade de conta xustificativa ao abeiro do artigo 48.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que deberán presentar a seguinte documentación:

a) Factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estes documentos deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente compulsada por funcionario público competente.

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extrac-

tos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase achegar unha relación destas.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con fotocopias dos documentos bancarios de cargo en que conste o cambio empregado.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento debe realizarse sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou xustificante de recepción do provedor.

Poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante xustificante de recepción do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros sempre que os devanditos gastos se efectúen no ámbito do comercio retalista ou de empresas prestadoras de servizos a usuarios finais, ou sexan unha práctica común ou habitual no tráfico económico.

b) Certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e prace do seu presidente, na que conste que cada unha das facturas presentadas como xustificación corresponden a gastos realizados pola entidade en execución da actividade subvencionada (modelo anexo IV).

c) Relación clasificada dos gastos do programa, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e, se é o caso, a data de pagamento (modelo anexo IV).

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (modelo anexo V) .

e) No suposto de compatibilidade con outras axudas, deberá achegarse certificación da entidade na que conste que a suma de todas as axudas recibidas non supera o custo total do proxecto, debendo certificarse igualmente a procedencia dos fondos, o seu importe, xustificación e aplicación.

f) Declaración responsable de que a entidade solicitante se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como que non ten débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia (modelo anexo V).

g) Memoria técnica xustificativa da aplicación da subvención concedida e explicativa da execución do programa.

4. A documentación presentada polos beneficiarios, no caso das entidades galegas, deberá ser asi-

nada polo secretario co visto e prace do presidente, e polos representantes das institucións e asociacións solicitantes nos demais casos.

5. A comprobación pola Secretaría Xeral da Emigración poderá realizarse conforme ao establecido no artigo 57 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Con carácter xeral, os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigados a:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e xustificalo ante a Secretaría Xeral da Emigración.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral da Emigración, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais, para o que se achegará tanta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información, a condición de entidade subvencionada pola Secretaría Xeral da Emigración, así como o seu correspondente logotipo.

d) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias nas que se fundamenta a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos. Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia deberá presentar unha declaración responsable de estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia antes dos pagamentos.

e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) As demais obrigas previstas no artigo 11 da antedita lei.

2. Se, por calquera motivo, a actuación programada non se puidese realizar, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral da Emigración, que poderá dispor do citado crédito para atender ou aumentar a subvención doutras entidades subvencionadas parcialmente.

Non debe considerarse que incorra en incumprimento o beneficiario que realice parcialmente o pro-

grama que é obxecto da subvención por falta de financiamento propio, sempre que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e que poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

3. As entidades beneficiarias das subvencións recollidas nesta resolución quedarán obrigadas á difusión do cofinanciamento por parte da Secretaría Xeral da Emigración nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.

Artigo 8º.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que a Secretaría Xeral da Emigración obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través dos certificados telemáticos, no caso de que a entidade solicitante non presente a declaración responsable de estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que sexa necesaria neste procedemento xa figura no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación debe manterse vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

En calquera caso, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano instrutor poderá requirirlle ao solicitante a presentación da documentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta secretaría xeral publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Secretaría Xeral da Emigración velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adaptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros, non entanto, a Secretaría Xeral da Emigración revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral da Emigración, rúa Basquiños nº 2, 15704 Santiago de Compostela.

Artigo 9º.-*Subcontratacións.*

Por razón da natureza das actividades que integran o programa subvencionado, poderase autorizar a entidade beneficiaria á subcontratación parcial por un máximo do 50% do importe da actividade subvencionada, tal e como se recolle na Lei 9/2007, do subvencións de Galicia. Cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20 por cento do importe da subvención e o dito importe sexa superiora 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 27.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artículo 10º.-*Órgano competente.*

1. A Subdirección Xeral do Retorno e da Inmigración é o órgano encargado da instrución do procedemento de concesión de subvención, e correspóndelle ao secretario xeral da Emigración ditar a resolución de concesión ou denegación da axuda.

2. Crearase unha comisión de avaliación, presidida polo subdirector xeral do Retorno e da Inmigración, e composta polos seguintes membros:

-O/a xefe/a do servizo de Información e Tramitación de Subvencións.

-O/a xefe/a do servizo de Programas e Atención Integral.

-Un/unha funcionario/a da subdirección que actuará como secretario/a.

En caso de ausencia dalgún dos membros integrantes da comisión de avaliación, poderá ser substituído pola persoa que para o efecto designe o secretario xeral da Emigración.

3. Os expedientes serán avaliados, segundo os criterios de valoración polo órgano colexiado establecido no punto anterior, que deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada, podendo establecer unha puntuación mínima para ser beneficiaria da axuda.

4. O subdirector xeral do Retorno e da Inmigración, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución, que se presentará ao secretario xeral da Emigración, quen resolverá dentro das disponibilidades orzamentarias.

Artigo 11º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirírase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución que será ditada nos termos do artigo 42 da citada Lei 30/1992.

2. De acordo co artigo 60 da Lei 30/1992, a realización dos requirimentos que procedan poderanse efectuar por medio de publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e na páxina web <http://www.galiciaaberta.com/>.

A eficacia dos citados requirimentos será a partir das devanditas publicacións. Sen prexuízo do anterior, a Secretaría Xeral da Emigración poderá comunicar os requirimentos ao enderezo de correo electrónico, sempre que se indique na solicitude e, entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, débese significar que os prazos de dez días computaranse desde a publicación dos requirimentos e non desde a súa comunicación.

3. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, en que se indicarán as causas desta.

Artigo 12º.-Resolución e notificación.

1. Unha vez concluída a tramitación do expediente, o instrutor formulará a proposta de resolución, que se elevará ao secretario xeral da Emigración, quen, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada.

2. Segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, todas as resolucións serán notificadas de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<http://www.galiciaaberta.com/>). Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 13º.-Modificación da resolución.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo secretario xeral da Emigración, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado.

Artigo 14º.-Aceptación e renuncia.

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos quince días naturais desde a notificación desta sen que o interesado comunícase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario.

2. No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o secretario xeral da Emigración ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-Réxime de recursos.

Contra as resolucións que se diten ao abeiro desta resolución de convocatoria, que poñen fin á vía admi-

nistrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolución expresa; se non o fose, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

As ditas resolucións poderán ser impugnadas directamente mediante recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa. Se non o fose, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 16º.-Incumprimento, reintegro e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. De acordo co artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

-O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade de axuda concedida.

-Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Remisión normativa.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a lexislación básica do Estado sobre subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo); a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa de desenvolvemento que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Emigración

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES NO EXTERIOR PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA INTEGRAL DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO SOBRE ASPECTOS RELACIONADOS CO RETORNO A GALICIA 2010.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR909A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI/PASAPORTE	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CARGO NA ENTIDADE

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME		NIF, CIF, RIF, CUIT....	
ENDEREZO		LOCALIDADE	Nº TOTAL SOCIOS
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN		TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	
CORREO ELECTRÓNICO			

IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SOLICITA (EN EUROS)

FORMA DE PAGAMENTO

CERTIFICACIÓN BANCARIA
<input type="checkbox"/> ACHÉGASE CERTIFICACIÓN BANCARIA
<input type="checkbox"/> NON SE ACHEGA
MOTIVO POLO QUE NON SE ACHEGA
<input type="text"/>

CUSTO DO PROGRAMA PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

CONCEPTO	IMPORTE (EN EUROS)
TOTAL CUSTO ESTIMADO:	<input type="text"/>
1) A CARGO DA ENTIDADE	<input type="text"/>
2) AXUDAS DE OUTRAS INSTITUCIÓNS OFICIAIS	<input type="text"/>
3) OUTROS:	<input type="text"/>
4) AXUDA SOLICITADA Á SECRETARIA XERAL DA EMIGRACIÓN	<input type="text"/>
TOTAL ORZAMENTO PREVISTO (CUSTO ESTIMADO)	<input type="text"/>

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE (MARCAR CON UN X O QUE CORRESPONDA)

- ESTUTOS DA ENTIDADE DEBIDAMENTE LEGALIZADOS.
- MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROGRAMA QUE SE VAI DESENVOLVER.
- ORZAMENTO DETALLADO DO CUSTO DO PROGRAMA A DESENVOLVER (ANEXO II)
- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
- DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NO ART. 10 DA LEI 9/2007, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA (ANEXO III).
- DECLARACIÓN RESPONSABLE NA QUE CONSTE QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ATOPA AO CORRENTE NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTÓNOMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL, E QUE NON TEÑA DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.
- CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA (ANEXO II).
- INFORME ASINADO POLO PRESIDENTE DA ENTIDADE NO QUE SE DESCRIBAN OS PROGRAMAS CO MESMO OU SEMELLANTE CONTIDO DESENVOLTOS POLA ENTIDADE (EXCEPTO AS ENTIDADES QUE ESTEAN INSCRITAS NO REXISTRO DE COMUNIDADES GALEGAS).
- NO CASO DE AGRUPACIÓNS DE ENTIDADES, CERTIFICACIÓN NOS TERMOS DO ARTIGO 5.2º
- FOTOCOPIA DO NIF, CIF, RIF....DA ENTIDADE.

Quen abaixo asinan DECLARA QUE presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xuño, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publicar as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial en nos rexistros públicos referidos, coa expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

En cumprimento co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmolle que os datos persoais recollidos nesta solicitude incorporaranse a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta secretaría xeral como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

CERTIFICAMOS QUE SON CERTOS OS DATOS CONSIGNADOS NESTA SOLICITUDE E ACEPTAMOS SOMETERNOS ÁS NORMAS DA CONVOCATORIA, FACILITAR A INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN QUE SE SOLICITA, DE SER O CASO, E PERMITIR E FACILITAR O LABOR DO PERSOAL ENCARGADO DE AVALIAR A SOLICITUDE.

DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ATOPA AO CORRENTE NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS E AUTÓNOMICAS E DA SEGURIDADE SOCIAL, ASÍ COMO QUE NON TEN DÉBEDAS PENDENTES COA COMUNIDADE AUTÓNOMA. DE SER PRECISO, AUTORIZARASE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ÓRGANOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN PRECISA AO RESPECTO.

SI NON

ASÍ MESMO, AUTORIZÁSE EXPRESAMENTE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN, NO ÁMBITO DAS SÚAS COMPETENCIAS, A CEDER OS DATOS PERSOAIS DOS SEUS ASOCIADOS A AQUELES ORGANISMOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO CON COMPETENCIAS SIMILARES NA MATERIA CO FIN DE COLABORAR NO EXERCICIO DAS FUNCIÓNS QUE LLE SEXAN PROPIAS.

SI NON

_____, de _____ de _____

VISTO E PRACE

O/A PRESIDENTE (SELO DA ENTIDADE)

O/A SECRETARIO/A

Asdo.: _____
(NOME E APELIDOS)

Asdo.: _____
(NOME E APELIDOS)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 15 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a entidades no exterior para desenvolver un programa integral de información, orientación e asesoramento sobre aspectos relacionados co retorno a Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

Lugar e data _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
REVISADO E CONFORME	

ANEXO III

ENTIDADE QUE FAI AS DECLARACIÓNS:

--

1) DECLARACIÓN DE AXUDAS:

O SECRETARIO DA ENTIDADE DECLARA QUE ÉSTA SOLICITOU OU TEN CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIONS QUE SE SINALAN, PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DO PROGRAMA SUBVENCIONABLE, ademais da solicitada á Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.

(IMPORTES EN EUROS)

Admon. pública ou organismo ao que se lle solicitou ou polo que se lle concedeu subvención	Importe solicitado pendente de conceder (€)	Importe concedido (€)

(*)

--

(*) No caso de non ter solicitada ou concedida ningunha outra subvención coa mesma finalidade, deberá manifestalo expresamente neste recadro, de acordo co seguinte texto: "o secretario da entidade declara que ésta non solicitou nin se lle concedeu ningunha subvención para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas ou cualquera outro ente público ou privado competentes."

2) DECLARACIÓN EXPRESA:

O secretario da entidade declara expresamente non estar incurso nas circunstancias previstas en no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

(SELO DA ENTIDADE)

O/A SECRETARIO/A

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE/A

Asdo.:

--

Asdo.:

--

ANEXO IV

RELACIÓN DAS FACTURAS E DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DO GASTO FEITO					
Entidade <input style="width: 100%;" type="text"/>					
Nº Orde	Data	Nº fact.	Empresa ou entidade emisora	Concepto (*)	Importe (IVE incluído)
1	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
5	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
6	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
7	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
8	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
9	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
10	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
(*) Indicar con cada factura a finalidade subvencionada.				Total (en moeda nacional)	<input type="text"/>
				Total (en euros)	<input type="text"/>
<p>Certifico que todas as facturas que aparecen na relación anterior, presentadas como documentación xustificativa, corresponden aos gastos feitos neste ano pola entidade en execución das accións subvencionadas.</p> <p>Lugar e data:</p> <p style="text-align: center;">_____, de _____ de _____</p> <div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <div style="text-align: center;"> <p>_____ O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE</p> </div> <div style="text-align: center;"> <p>VISTO E PRACE DO/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE</p> </div> </div> <p>Asdo.: <input style="width: 300px;" type="text"/> Asdo.: <input style="width: 300px;" type="text"/></p>					

ANEXO V

DECLARACIÓN NA FASE DE XUSTIFICACIÓN

Entidade **1) DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO:**

O SECRETARIO DA ENTIDADE **DECLARA** QUE O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA SUBVENCIONADO QUE FOI FEITO DO SEGUINTE XEITO:

(IMPORTES EN EUROS)

Importe a cargo da entidade	<input type="text"/>
Axudas a outras institucións oficiais	<input type="text"/>
Subvención da Secretaría Xeral da Emigración	<input type="text"/>
Outras fontes de financiamento	<input type="text"/>
Concepto	<input type="text"/>
Total financiamento:	<input type="text"/>

2) DECLARACIÓN DE AXUDAS :

O SECRETARIO DA ENTIDADE **DECLARA** QUE ESTA SOLICITOU OU TEN CONCEDIDAS POLOS ORGANISMOS PÚBLICOS OU PRIVADOS QUE SE INDICAN AS SUBVENCIONS QUE SE SINALAN, **PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DO PROGRAMA SUBVENCIONABLE**, ademais da solicitada á Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.

(IMPORTES EN EUROS)

Admon. pública ou organismo ao que se lle solicitou ou polo que se lle concedeu subvención	Importe solicitado pendente de conceder (€)	Importe concedido (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(*)

(*) No caso de non ter solicitada ou non ter concedida ningunha outra subvención para o mesmo programa, deberá manifestalo de maneira expresa neste recadro de acordo co seguinte texto: "o secretario da entidade declara que esta non solicitou nin se lle concedeu ningunha subvención para a mesma finalidade polas distintas administracións públicas ou calquera outro ente público ou privado competentes.

3) DECLARACIÓN EXPRESA:

O secretario da entidade declara expresamente que a entidade solicitante se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma de Galicia.

Lugar e data:

_____, de _____ de _____

(SELO DA ENTIDADE)

O/A SECRETARIO/A

VISTO E PRACE
O/A PRESIDENTE/AAsdo.: Asdo.: